

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 16 DE AGOSTO DE 2023**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaseis de agosto de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde en funcións, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretaria a concelleira secretaria da Xunta de Goberno Local, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e a interventora xeral municipal accidental, dona María Baza Poudereux, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión da licenza urbanística ao proxecto básico presentado para a construción de nave de planta baixa de uso industrial sen actividade definida, na rúa Leopoldo Hernández Robredo, números 1 - 3, parcela C.4, do parque empresarial das Gándaras, con referencia catastral 8272301PH1687S0001BW (2023/G001/000065).

Tamén se acorda a concesión da licenza urbanística para instalación dun ascensor no edificio de vivendas na ronda da Muralla, número 160, con referencia catastral 7530008PH1673S, a nome da comunidade de propietarios ronda da Muralla, número 160 (Exp. 2023/Y001/000051).

**2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a adjudicación do lote 2 correspondente a contratación da subministración de calzado e pezas de vestiario do uniforme para a Policía Local do Concello de Lugo do ano 2023 (Exp. 2023/C004/000008).

**3. FOMENTO.-** Acórdase a aprobación da primeira addenda ao convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Lugo para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, durante os anos 2023-2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

**4. PERSOAL.-** Acórdase a adquisición do compromiso de inclusión na OEP 2024 dunha praza de operario/a zona rural.

**ACTAS E GOBERNO**

JDR/arm

Refª: ispac2187684635747484355.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-8-2023

***Asinado dixitalmente pola tenenta de alcaldesa delegada da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos e concelleira secretaria da Xunta de Goberno Local, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.***